

MINISTERIO DE FACENDA

«TÍTULO I BIS

Deducción por investimentos destinados á protección do ambiente

5296 *REAL DECRETO 283/2001, do 16 de marzo, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de deducción por investimentos destinados á protección do ambiente. («BOE» 66, do 17-3-2001.)*

Este real decreto modifica determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, para regular a deducción por protección do ambiente. Con este fin, reúnese nun novo título do dito regulamento a totalidade da normativa regulamentaria sobre esta materia, prevista no punto 4 do artigo 35 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Así, en primeiro lugar, incorpórase ó Regulamento do imposto a normativa ata agora contida no Real decreto 1594/1997, do 17 de outubro, polo que se regula a deducción por investimentos destinados á protección do ambiente, o cal, en consecuencia, queda derogado.

En segundo lugar, para o suposto de adquisición de novos vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada, procédese a determina-la parte do investimento que contribúe de maneira efectiva á redución da contaminación atmosférica, tal e como esixe o citado artigo 35 trala reforma introducida pola Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. A identificación singular, para cada modelo de vehículo de cada marca, daquela parte do investimento que efectivamente contribúe a reduci-la contaminación atmosférica, sería unha alternativa de complexa elaboración e difícil aplicación que requiriría unha constante posta ó día. Por iso, optouse por un sistema máis simple, baseado na análise porcentual da participación do custo de determinados elementos no prezo de adquisición do vehículo, tendo en conta os escandallos dos diferentes tipos de vehículos comerciais e industriais.

Por último, establécese que a nova normativa regulamentaria será aplicable ós períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000, facendo así posible a aplicación efectiva da deducción por adquisición de vehículos industriais ou comerciais novos desde a entrada en vigor da citada Lei 55/1999.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2001,

DISPÓN O:

Artigo único. *Adición no Regulamento do imposto sobre sociedades dun novo título I bis, «Deducción por investimentos destinados á protección do ambiente».*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000, engádese no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, un novo título I bis, «Deducción por investimentos destinados á protección do ambiente», coa seguinte redacción:

Artigo 40. *Ámbito de aplicación: instalacións destinadas á protección do ambiente.*

De acordo co establecido no punto 4 do artigo 35 da Lei do imposto, os suxeitos pasivos poderán deducir da cota íntegra o 10 por 100 do importe dos investimentos realizados en elementos patrimoniais do inmovilizado material destinados á protección do ambiente consistentes en instalacións que teñan por obxecto algunha das seguintes finalidades:

- a) Evitar ou reduci-la contaminación atmosférica procedente das instalacións industriais.
- b) Evitar ou reduci-la carga contaminante que se verta ás augas superficiais, subterráneas e mariñas.
- c) Favorece-la redución, recuperación ou tratamento correctos desde o punto de vista ambiental de residuos industriais.

Artigo 41. *Ámbito de aplicación: vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada.*

1. A deducción a que se refire o artigo anterior aplicarase tamén no suposto de adquisición de vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada novos e que, tratándose de vehículos con motor diesel ou con motor de acendido por chispa alimentado con gas natural ou gas licuado do petróleo, cumpran os requisitos sobre emisión de gases, partículas contaminantes e fumes establecidos na Directiva 88/77/CEE.

2. Para estes efectos, consideraranse vehículos industriais ou comerciais:

- a) Aqueles vehículos que o anexo II do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, define como camións, furgóns e furgonetas; autobuses ou autocares, articulados ou non, incluídos os de dous pisos; vehículos acondicionados e mixtos adaptables, así como tractocamións.

Os investimentos en tractocamións que se leven a cabo conxuntamente co seu correspondente semirremolque, xa sexa simultaneamente ou durante o mesmo período impositivo, terán a consideración no seu conxunto de vehículos industriais para os efectos de aplica-la deducción a que se refire este título.

- b) Os turismos destinados ó servicio público de viaxeiros provistos de taxímetro.

- c) Os automóviles acondicionados para o transporte de persoas enfermas ou accidentadas.

Artigo 42. *Realización e mantemento do investimento.*

1. O investimento entenderase realizado cando os elementos patrimoniais sexan postos en condicións de funcionamento.

2. Tratándose de elementos patrimoniais que sexan obxecto dos contratos de arrendamento

financeiro a que se refire o punto 1 da disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, considerarase realizado o investimento na data de realización do contrato, por un importe igual ó valor de contado do elemento patrimonial.

A aplicación da deducción polo investimento nos elementos patrimoniais a que se refire o parágrafo anterior estará condicionado, con carácter resolutivo, ó exercicio da opción de compra.

Se non se exerce a opción de compra, o suxeito pasivo deberá ingresar, xuntamente coa cota correspondente ó período impositivo en que se puidese exercer-la dita opción, o importe da deducción aplicada cos seus xuros de demora.

3. Para os efectos do previsto no punto 3 do artigo 37 da Lei do imposto sobre sociedades, entenderase que os elementos patrimoniais afectos á presente deducción a que se refire o artigo 40 permanecen en funcionamento se se manteñen durante o prazo establecido no citado punto os niveis de protección do ambiente previstos nos plans, programas, convenios ou acordos aprobados ou realizados pola Administración competente.

Para tal fin, a Administración tributaria poderá requirir da Administración competente en materia de ambiente a expedición dun certificado que acredite o mantemento dos citados niveis de protección ambiental.

No caso de que, por razóns tecnolóxicas, os elementos patrimoniais afectos á presente deducción perdesen ou diminuísen a súa eficacia en materia de protección do ambiente durante os prazos a que se refire este punto, poderán ser substituídos ou complementados con outros elementos que contribúan á recuperación dos niveis de protección inicialmente previstos, sen que por iso se perda o dereito á deducción. Neste caso, os investimentos que substitúan ou complementen o inicial non poderán acollerse á deducción regulada neste título.

Artigo 43. *Base da deducción por instalacións destinadas á protección do ambiente.*

Nos supostos a que se refire o artigo 40 deste regulamento, a base de cálculo da deducción será o prezo de adquisición ou custo de produción.

Cando un investimento non teña por obxecto exclusivo algunha das finalidades previstas nos parágrafos a), b) ou c) do dito artigo, unha vez identificada a parte que garde relación directa coa función protectora do ambiente, a deducción aplicarase sobre a porción do prezo de adquisición ou custo de produción que o suxeito pasivo acredite que se corresponde coas referidas finalidades.

A parte do investimento financiada con subvencións non dará dereito á deducción.

Artigo 44. *Base da deducción por adquisición de vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada.*

Nos supostos previstos no artigo 41 deste regulamento, a base de cálculo da deducción será o resultado de aplicarlle ó prezo de adquisición do vehículo a porcentaxe que, de entre as seguintes, corresponda:

a) O 45 por 100 se se trata de camións, vehículos acondicionados e mixtos adaptables, así como tractocamións.

b) O 40 por 100 se se trata de tractocamións, así como do seu correspondente semirremolque

cando se adquira conxuntamente con aquel ou dentro do mesmo período impositivo.

c) O 35 por 100 para autobuses e o resto de vehículos de transporte por estrada.

Estas porcentaxes incrementaranse en 45 puntos porcentuais cando se trate de vehículos que cumpran, como mínimo, os valores límite de emisións que se indican a seguir:

a) Os que se establecen na ringleira A das táboas do punto 6.2.1 do anexo I da Directiva 88/77/CEE, modificada pola Directiva 1999/96/CE, do 13 de decembro de 1999, cando se trate de vehículos adquiridos antes do 1 de outubro de 2001.

b) Os que se establecen na ringleira B₁ das ditas táboas, cando se trate de vehículos adquiridos a partir do 1 de outubro de 2001 e antes do 1 de outubro de 2006.

c) Os que se establecen na ringleira B₁ das ditas táboas, cando se trate de vehículos adquiridos a partir do 1 de outubro de 2006 e antes do 1 de outubro de 2009.

Artigo 45. *Requisitos da deducción por instalacións destinadas á protección do ambiente. Certificación de validación do investimento ambiental.*

1. Para practica-la deducción nos supostos a que se refire o artigo 40 deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que os investimentos teñan por obxecto específico algunha das finalidades descritas nos parágrafos a), b) e c) do citado artigo.

No caso de que os investimentos non teñan por obxecto exclusivo algunha das citadas finalidades, deberá poderse identifica-la parte deles destinada á protección do ambiente.

b) Que o investimento se realice para dar cumprimento á normativa vixente en materia do ambiente sobre emisións á atmosfera, vertidos ás augas e produción, recuperación e tratamento de residuos industriais ou para mellora-las esixencias establecidas na dita normativa.

Entenderase que o investimento cumpre este requisito sempre que se efectúe dentro dos prazos e nas condicións previstas na citada normativa.

c) Que o investimento se leve a cabo en execución de plans, programas, convenios ou acordos aprobados ou realizados coa Administración competente en materia ambiental.

A proba do cumprimento deste requisito realizarase mediante a certificación de validación do investimento expedida pola referida Administración.

2. A certificación de validación do investimento ambiental deberá indicar para estes efectos que concorren as seguintes circunstancias:

a) Que os investimentos se realizaron en execución dos plans, programas, convenios ou acordos aprobados ou realizados pola Administración competente sinalando a normativa a que se refire o parágrafo b) do punto anterior e expresando a idoneidade dos investimentos para a función protectora do ambiente que aqueles persigan.

b) Que os investimentos realizados permitan alcanza-los niveis de protección previstos nos plans, programas, convenios ou acordos establecidos.

3. Se no momento de presenta-la declaración do imposto sobre sociedades a Administración

competente non emitise a certificación regulada no presente artigo por causa non imputable ó suxeito pasivo, este poderá aplicar con carácter provisional a deducción sempre que solicitase a expedición da referida certificación de validación con anterioridade ó primeiro día do prazo de presentación daquela declaración. No caso de que a Administración competente non valide o investimento, o suxeito pasivo deberá ingresar, xuntamente coa cota correspondente ó período impositivo no que se notifique o dito acto administrativo, o importe da deducción aplicada cos seus xuros de demora.

4. Para os efectos da presente deducción considerárase Administración competente aquela que, séndoo por razón da materia obxecto de protección, o sexa igualmente respecto do territorio onde radiquen os investimentos obxecto da deducción.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derrogado o capítulo VIII do título I do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril.

2. Queda derrogado o Real decreto 1594/1997, do 17 de outubro, polo que se regula a deducción por investimentos destinados á protección do ambiente, sen prexuízo da súa aplicación ós períodos impositivos iniciados antes do 1 de xaneiro de 2000.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5301 *REAL DECRETO 248/2001, do 9 de marzo, de desenvolvemento do artigo 7 do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos. («BOE» 66, do 17-3-2001.)*

O artigo 7 do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos, establece a obriga de que nos accesos ás autoestradas e nas estradas estatais se coloquen carteis informativos nos que se indique, en todo caso, as distancias ás estacións de servizo máis próximas ou ás situadas nas áreas de servizo, así como o tipo, prezo e marca dos carburantes e combustibles petrolíferos ofrecidos naquelas. Trátase dunha obriga que ten por obxecto mellora-la información ó consumidor que lle facilite unha mellor elección na súa demanda de carburantes.

Non obstante, o cumprimento desta obriga require dun desenvolvemento regulamentario que regule e especifique determinados aspectos do precepto antes citado.

En particular, respecto dos concesionarios das autoestradas de peaxe, para racionalizalo proceso de implantación dos carteis, establécese a obrigatoriedade para o concesionario de presentar un plan no que se recollan as propostas de localización dos carteis. Respecto dos carteis que se instalarán nas estradas estatais, establécense os criterios para a esixencia desta obriga, precisándose o número e localización das estacións de servizo sobre as que debe incluírse información nos carteis informativos.

A competencia para dictar este real decreto deriva do artigo 149.1.21.^a e 24.^a da Constitución, en virtude do cal ó Estado lle corresponde a competencia exclusiva sobre o tráfico e circulación de vehículos de motor, e sobre as obras públicas de interese xeral ou a realización das cales afecte máis dunha comunidade autónoma.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente se gundo do Goberno e ministro de Economía e do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto regula-lo cumprimento da obriga dos concesionarios de autoestradas de peaxe de competencia da Administración xeral do Estado e dos titulares de estacións de servizo sitas en estradas estatais, de colocaren carteis informativos sobre tipos, prezos e marcas de carburantes e combustibles petrolíferos ofrecidos en estacións de servizo, así como a distancia ás máis próximas, en desenvolvemento do disposto polo artigo 7 do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector dos hidrocarburos.

Artigo 2. *Carteis informativos en autoestradas de peaxe.*

1. Nos accesos ás autoestradas do Estado en réxime de concesión, será obrigatoria a colocación de carteis informativos nos que se indique, en todo caso, a distancia ás estacións de subministración de carburantes situadas en, alomenos, as dúas áreas de servizo máis próximas, así como o tipo, prezo e marca dos carburantes e combustibles petrolíferos ofrecidos naquelas.

2. Será responsabilidade do concesionario da autoestrada onde se sitúen os carteis a instalación, conservación e mantemento destes, así como a actualización da súa información, operacións que, en todo caso, se farán sen risco de ningún tipo para a seguridade vial. Con tal fin, os titulares de estacións de servizo deberánlle facilitar ó concesionario unha información veraz e precisa das variacións dos prezos que se produzan.

3. A instalación dos ditos carteis efectuarase nas zonas de dominio público ou de servidume das autoestradas, e deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Estradas.

Artigo 3. *Carteis informativos en estradas estatais.*

1. Nas estradas estatais, nas proximidades das estacións de servizo, será obrigatoria a colocación de carteis informativos nos que se indique, en todo caso, a distancia ás dúas estacións de servizo máis próximas no sentido da marcha, sitas na mesma estrada, así como o tipo,